



POLÍTICA AMBIENTAL

A DIRECCIÓN da Xerencia de Xestión Integrada A Coruña é consciente da importancia que o Medio Ambiente ten para a saúde das persoas. Co fin de comunicar o seu compromiso coa protección ambiental do seu contorno e proporcionar o marco no que deben desenvolverse as súas actividades, establece a súa política ambiental cos seguintes compromisos :

- Impulsar a implantación dun **Sistema de Xestión Ambiental** promovendo a incorporación de criterios ambientais na toma de decisións e procesos de planificación.
- **Cumprir coa lexislación** e regulamentación aplicable a nosa organización e actividades, así como con outros requisitos que a organización suscriba, garantindo así, o compromiso con tódalas partes interesadas.
- **Mellora continua** na Xestión Ambiental das actividades que se levan a cabo na XXIAC , identificar, controlar e mellorar os aspectos ambientais asociados ás mesmas, para previr e controlar aqueles que sexan prexudiciais para o medio ambiente e diminuír o seu impacto
- Reducir o volume de refugallos que se producen nas súas instalacións, establecendo os mecanismos necesarios para realizar unha xestión axeitada buscando a súa diminución en volume e na súa perigosidade.
- Promover a eficacia enerxética no desenvolvemento das súas actividades, así como o uso de produtos e tecnoloxías limpas que axuden a acadar melloras ambientais dentro das súas instalacións e para os fins asistenciais que lle son propios
- Levar a cabo estas actividades cos criterios de optimización do consumo de recursos e de prevención e control da contaminación, fomentando as mellores prácticas ambientais.
- Informar e formar aos traballadores propios, provedores ou contratistas sobre os aspectos ambientais ligados as súas actividade ou funcións, motivándoos para que o seu comportamento no posto de traballo reflicte esta sensibilización ambiental.
- Apoiar o traballo con provedores e contratistas que apliquen normas medio ambientais coherentes coa Política Ambiental, promovendo deste xeito comportamentos respectuosos co medio ambiente.
- A política ambiental será pública, a dirección da Xerencia de Xestión Integrada A Coruña propiciará unha política de transparencia informativa e colaboración coas institucións e organismos que o requiran encamiñadas ó fomento e desenvolvemento de actividades para a mellora do medio ambiente

Sobre a base desta política, anualmente a Dirección da Xerencia de Xestión Integrada A Coruña establece obxectivos e metas ambientais, así como programas que definen as liñas de mellora para este período

En A Coruña, 20 de xuño de 2014

Francisco José Vilanova Fraga
Xerente
Xerencia de Xestión Integrada A Coruña

